

Nome:

Curso:

Os dous irmáns e a fada

Era unha vez un pai con dous fillos: o herdeiro, moi guapo, pero preguiceiro e malvado, e o máis novo, cun corazón de ouro, pero moi feo.

Preto da vila había un monte que escondía unha cova. Dicían que era o sinal dunha fada a quen lle gustaba moito rirse dos camiñantes. Por iso ninguén se achegaba nunca.

Un día os irmáns saíron de excursión e o máis vello quixo gastarlle unha broma ao máis novo. Pensou que quizais a fada o convertese nun sapo e díxolle:

—Espérame na cova, que eu volvo axiña!

Cando o irmán bo entrou na cova, a fada convidouno a nadar no seu lago máxico e el aceptou encantado e agradecido. Ao verse reflectido deuse de conta de que se convertera nun rapaz moi guapo. A fada explicoulle que agora o seu corpo era tan bonito coma o seu corazón e despois desapareceu.

Esa noite o irmán máis vello decidiu que ao día seguinte el tamén iría ao monte. E foi. Cando chegou xunto á cova, tamén recibiu a invitación da fada, pero ao saír do lago máxico a súa cara parecía a dun porco engurrado.

—Este non son eu! —berrou—. Eu son un rapaz moi guapo e non este porco.

—Si que es ti, porque o teu corpo é tan feo coma o teu corazón —díxolle a fada.

E antes de desaparecer engadiu: —Pero se cambias o teu corazón, o teu corpo volverá ser coma antes.

A partir daquel día, o irmán máis vello foi máis amable e xeneroso e, pasado o tempo, volveu ser guapo coma antes. Pero quedoulle a lección ben aprendida!

Anónimo: Conto Popular

1. ¿Quen sería o autor deste texto?
2. ¿Que lle gustaba facer a fada?
3. ¿Que quería o irmán máis vello que lle sucedese ó máis novo?
4. ¿Porque o irmán máis novo converteuse en guapo e o máis vello en feo?
5. ¿Volveu o irmán máis vello a súa aparencia real? Se é así explica como.
6. Os contos populares soen traer unha ensinanza, cal sería a deste conto?

Non se poden gastar bromas ós irmáns pequenos.

A aparencia física non é importante se non o acompaña un bo corazón.

Non se pode ir ó monte.

7. Describe como cres que sería o irmán máis novo antes e despois do contacto coa fada. Usa adxectivos para describilas.